


D I T A M E

Ditame
9/08

sobre o anteproxecto de
**Lei de aeródromos
de Galicia**



A P R O B A D O P O L O P L E N O O 1 0 D E O U T U B R O



Este documento está tamen dispoñible en
www.ces-galicia.org

ANTECEDENTES

1.- En data 11 de agosto de 2008 tivo entrada no Consello Económico e Social oficio do presidente da Xunta de Galicia remitindo, para o seu preceptivo ditame, o anteproxecto de lei de aeródromos de Galicia.

2.- O texto do borrador foi enviado ao presidente e aos membros da Comisión Sectorial nº 3: *Desenvolvemento rexional*, competente por razón da materia, para a elaboración da correspondente proposta de ditame. Así mesmo, tal como establece o Regulamento de Réxime Interno do CES, deuse conta á Comisión Permanente da entrada de solicitude de ditame.

3.- O día 2 de setembro, o seu presidente convoca á Comisión Sectorial nº 3 para o 4 de setembro de 2008, co fin de iniciar os traballos de reflexión sobre a proposta de ditame.

4.- A Comisión Sectorial, na súa sesión 9/08, acorda aprobar a proposta de ditame, con data 4 de outubro, e a remite ao presidente do Consello para a súa tramitación.

5.- O presidente do CES, de acordo coa Comisión Permanente do organismo, convoca o Pleno do Consello, que na súa sesión 7/08, de 10 de outubro, e tras coñecer o texto remitido, acorda aprobar o seguinte

DITAME

sobre o anteproxecto de Lei de aeródromos de Galicia .

ESTRUTURA E CONTIDO

O anteproxecto de lei sometido a ditame ten por obxecto regular o réxime de establecemento e explotación de aeródromos, as competencias da Administración da Comunidade Autónoma en relación cos aeródromos, e o réxime de infraccións e sancións aplicables na materia.

O presente anteproxecto de lei estrutúrase en cinco títulos, unha disposición transitoria, una disposición derogatoria e unha disposición derradeira.

O Título preliminar regula o obxecto, definicións e ámbito de aplicación da lei.

O Título I regula o réxime de establecemento e apertura ao tráfico dos aeródromos e consta de seis capítulos.

O Título II regula a xestión dos aeródromos e divídese en tres capítulos.

O Título III regula a intervención da Administración no sector.

Finalmente, os Títulos IV e V regulan o réxime sancionador.

CONSIDERACIÓNS XERAIS

1.- O CES valora positivamente o interese que, para a Comunidade Autónoma, supón a existencia dunha norma que regule, dentro do seu ámbito competencial, a xestión dos aeroportos, aeródromos e heliportos localizados na Comunidade ou de futura construción.

Non obstante, o CES entende que o texto do anteproxecto de Lei resulta confuso e, nalgúns aspectos, pode presentar dúbidas en canto a súa interpretación.

2.- Na lectura do anteproxecto de Lei detéctanse erros no uso correcto da normativa lingüística (v.gr.: utilización do vocábulo “termos” no canto de “términos” no art.25 f) e g), no art. 31.2, e no art. 32.3; utilización, na clasificación do art. 37, das letras j) e k) que non son propias do alfabeto galego; uso incorrecto do vocábulo “derradeira”, no canto de “final” nas dúas últimas disposicións da lei...), polo que o CES recomenda someter a revisión o texto do anteproxecto.

3.- Ao longo do texto do anteproxecto, utilízase con reiteración o termo “departamento” para referirse á Consellería competente na materia. Segundo ten indicado o CES en diversos ditames anteriores (D.D. 7/06, 12/06 e 4/07 entre outros), o termo “departamento” deriva do idioma francés (Département”) e pode inducir a confusión dado que o mesmo pode referirse por igual á Consellería competente por razón da materia ou á Dirección Xeral.

CONSIDERACIÓNS PARTICULARES

1.- No remate da **Exposición de Motivos** do anteproxecto, deberíase facer constar que o mesmo foi sometido ao preceptivo ditame do Consello Económico e Social de Galicia.

2.- No inicio do **apartado IV** da **Exposición de Motivos** recóllese que a lei contén unha disposición final cando, en realidade, contén dúas.

Por outra banda, mentres que en dito parágrafo fálase dunha “disposición final”, o anteproxecto denomina ás dúas como “disposicións derradeiras”.

O CES considera que, dunha parte, debe rectificarse o erro contido na exposición de motivos e, doutra, unificar a denominación das dúas disposicións mencionadas, designándoas como “disposicións finais”.

3.- O **artigo 7.2** regula a forma na que a persoa interesada debe presentar a solicitude en canto a número de exemplares.

No precepto indicado faise referencia á necesidade de presentar tantos exemplares da solicitude como administracións públicas, empresas que xestionen servizos públicos ou de interese xeral ou empresas concesionarias de obras públicas resulten afectadas.

Sen prexuízo de entender que este tipo de cuestións son máis propias do regulamento (ao que precisamente se refire o apartado g) do art. 7. 1 º), o CES considera que a cantidade de exemplares a presentar pola persoa interesada debería limitarse ao número de Administracións Públicas afectadas, xa que o resto das empresas citadas como posibles afectadas, non necesariamente teñen que ser coñecidas previamente pola parte solicitante.

4.- O **artigo 15** do anteproxecto de Lei titúlase “*Resolución da aprobación*”.

Dado que neste artigo se contemplan outros aspectos (a suxeición a condicións, prazo, exencións de algúns requisitos, silencio administrativo negativo, etc.), que abarcan máis contido que o sinalado no título, o CES suxire que se limite o mesmo ao de **“Resolución”**.

5.- O artigo 16 establece a posibilidade de interposición de recurso contra a desestimación do proxecto técnico.

A expresión que dá inicio ao texto deste precepto (*“En tal caso”*), para ser correcta, tería que ser precedida dunha manifestación do feito ocorrido (se sobreentende que é a desestimación), polo que o CES considera que se debería modificar a redacción deste artigo dun tenor semellante a:

“Contra a resolución denegatoria da aprobación do proxecto técnico, a persoa solicitante poderá interpoñer os recursos que lle correspondan en vía administrativa e contencioso-administrativa”.

Finalmente, o CES entende que se debería de cambiar o título do artigo 16 polo de **“Recursos”**.

6.- O artigo 20 establece o prazo máximo para ditar a resolución de autorización e o seu vencemento suporá a aplicación do silencio administrativo positivo.

O CES considera que a suspensión “durante o prazo necesario” do prazo máximo para notificar a resolución debería acoutarse, ou ben recoller a existencia de notificación expresa da dita suspensión á persoa interesada, para evitar problemas de inseguridade xurídica, derivados do que este mesmo artigo, no seu apartado 3, establece a respecto das consecuencias do vencemento do prazo máximo.

7.- O apartado 3 do artigo 20 exceptúa da aplicación do silencio administrativo positivo as instalacións e as operacións que non se axusten ás incluídas na autorización.

O CES considera que a excepción ao silencio administrativo positivo contemplada neste apartado produce inseguridade xurídica, xa que é obriga da Administración comprobar, de forma indubidable e previamente, que a solicitude cumpre con todos os requisitos esixidos, máxime cando a norma prevé a posible aplicación do silencio administrativo positivo.

O CES entende que a introdución da excepcionalidade desvirtúa a figura do silencio administrativo positivo, polo que propón a supresión de dita excepción no texto do apartado 3 mencionado.

8.- O artigo 21 do anteproxecto sometido a ditame titúlase “*Recursos contra a desestimación*”.

O CES considera innecesario establecer a posibilidade de interposición de recurso contra a desestimación, xa que neste caso, a mesma, salvo que entrase en xogo a excepcionalidade indicada no **apartado 3 do artigo 20**, debería ser notificada mediante resolución e, nese suposto, terían que aplicarse os preceptos da Lei de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común (L. 30/1992, do 26 de novembro, art. 89.3). No caso de que se opte por manter o citado artigo 21, o CES entende que se debería de cambiar o seu título polo de “*Recursos*”.

9.- O artigo 22 apartado 4 establece o prazo para ditar as resolucións e que o seu vencemento suporá a aplicación do silencio administrativo positivo.

O CES considera que é de aplicación a este apartado do artigo 22, o exposto na **consideración 6** deste ditame en relación ao artigo 20 e que esta posibilidade de suspender o prazo para ditar a resolución pode causar inseguridade xurídica á persoa interesada.

10.- O artigo 25 establece as obrigas da persoa titular, indicando no apartado f) que o mesmo deberá permitir o uso da instalación por aeronaves nos termos sinalados, tendo dereito ao pagamento da retribución correspondente.

Con independencia do indicado anteriormente en relación co uso correcto

da normativa en materia lingüística, o pagamento é unha obriga das persoas que usen a instalación e non unha obriga do titular, polo que o CES recomenda unha redacción que deixe claro que o titular ten dereito ao percibo da retribución correspondente.

Por outra banda, sería conveniente revisar a redacción deste apartado evitando redundancias como a que figura na primeira alínea: “*Permitir o uso.....nos termos permitidos pola autorización....*”.

11.-O artigo 36 establece as competencias do titular da consellería indicando no **apartado b)**, que lle corresponde aprobar os regulamentos propostos pola Dirección Xeral de Transportes.

A facultade de aprobación dos regulamentos de desenvolvemento da lei, que se atribúe mediante este precepto á persoa titular da consellería, é contradictoria coa disposición derradeira (*sic*) primeira, que habilita ao Consello da Xunta para ese desenvolvemento regulamentario.

O CES entende que debe modificarse ou suprimirse este **apartado b)** do **artigo 36**, por canto, como acertadamente sinala a Asesoría Xurídica Xeral no seu informe sobre o anteproxecto, a habilitación á persoa titular da Consellería só se permite “*cando a lei precisa suficientemente o alcance da habilitación, sen que sexa válida unha remisión xenérica que pode implicar problemas de legalidade*”.

12.-O artigo 37.b) establece as competencias do titular da Dirección Xeral de Transportes.

O CES considera que este precepto do anteproxecto adoece dunha redacción incorrecta.

Así, no seu primeiro parágrafo sinala que lle corresponde “*ao titular do centro directivo (...) o exercicio das seguintes funcións:*

a) Autorizar o establecemento (...)e aeroportos.

b) As funcións que en relación coa actividade de asistencia en terra, en particular: (...)”

Existen outros aspectos ao longo do precepto que farían máis extensa a

descrición, razón pola que o CES recomenda unha revisión detida deste precepto para mellorar a súa redacción e ordenación.

13.-O artigo 40 establece as sancións en función da gravidade da infracción, indicando que as de carácter moi grave poderán ser sancionadas con multas de entre 10.001 euros ata os 20.000 euros.

O CES considera que o importe máximo de 20.000 euros para as infraccións moi graves pódese entender escaso, en atención a algunhas das accións ou omisións tipificadas no **artigo 39.2**.

14.-No Anexo ao anteproxecto figura a Lista dos servizos de asistencia en terra.

No remate dos **ítems 5.1, 5.2 e 5.3** figura un asterisco, cuxo significado non se explicita.

Santiago de Compostela, 10 de outubro de 2008

Vº e P.
O PRESIDENTE

O SECRETARIO XERAL

Asdo.: Pablo Egerique Martínez

Asdo.: Eliseo Sastre Serrano

ANEXO

ANTEPROXECTO DE LEI DE AERÓDROMOS

ÍNDICE

TÍTULO PRELIMINAR. Disposicións xerais

- Artigo 1. Obxecto.
- Artigo 2. Definicións.
- Artigo 3. Ámbito de aplicación.

TÍTULO I. Réxime de establecemento de aeródromos

CAPÍTULO I. Disposicións xerais

- Artigo 4. Titular do aeródromo.
- Artigo 5. Consulta previa.

CAPÍTULO II. Autorización do establecemento

- Artigo 6. Autorización.
- Artigo 7. Solicitud
- Artigo 8. Trámite de Información de outras Administracións.
- Artigo 9. Trámite de información pública.
- Artigo 10. Resolución da autorización.
- Artigo 11. Recurso contra a desestimación.
- Artigo 12. Autorización de aeródromos en réxime de concorrencia.

CAPÍTULO III. Aprobación do proxecto técnico

- Artigo 13. Aprobación.
- Artigo 14. Solicitud
- Artigo 15. Resolución da aprobación.
- Artigo 16. Recurso contra a desestimación.

CAPÍTULO IV. Autorización da apertura ao tráfico

- Artigo 17. Autorización.
- Artigo 18. Solicitud.
- Artigo 19. Trámite de información doutras Administracións.
- Artigo 20. Resolución da autorización.
- Artigo 21. Recursos contra a desestimación.

CAPÍTULO V. Autorización de aeródromos e heliportos eventuais

- Artigo 22. Autorización de aeródromos e heliportos eventuais.

CAPÍTULO VI. Declaración de utilidade pública

- Artigo 23. Declaración de utilidade pública.

TÍTULO II. Réxime de explotación de aeródromos

CAPÍTULO I. Dereitos e obrigas da persoa titular

- Artigo 24. Dereitos da persoa titular.

Artigo 25. Obrigas da persoa titular.

CAPÍTULO II. Asistencia en terra

- Artigo 26. Definicións.
- Artigo 27. Comité de persoas usuarias.
- Artigo 28. Asistencia a terceiros.
- Artigo 29. Autoasistencia.
- Artigo 30. Infraestruturas de xestión centralizada.
- Artigo 31. Autorizacións.

CAPÍTULO III. Modificación, transmisión e peche da instalación

- Artigo 32. Modificación da instalación.
- Artigo 33. Transmisión da instalación.
- Artigo 34. Peche da instalación.

TÍTULO III. A Administración pública

- Artigo 35. Competencia.
- Artigo 36. Competencias do titular da consellería.
- Artigo 37. Competencias do titular da Dirección Xeral de Transportes.
- Artigo 38. O Rexistro de Aeródromos, Aeroportos e Heliportos.

TÍTULO IV. Infraccións e sancións

- Artigo 39. Infraccións.
- Artigo 40. Sancións.
- Artigo 41. Multas coercitivas.
- Artigo 42. Prescrición.
- Artigo 43. Actualización dos importes.
- Artigo 44. Responsabilidade de danos e perdas.

TÍTULO V. Procedemento sancionador

- Artigo 45. Tramitación do expediente sancionador.

Disposición transitoria única. Autorización de aeródromos, aeroportos e heliportos existentes.

Disposición derogatoria única. Derogación normativa.

Disposición derradeira primeira. Habilitación para o desenvolvemento regulamentario.

Disposición derradeira segunda. Entrada en vigor.

ANEXO

Lista de servizos de asistencia en terra.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

I

A presente lei ten por obxecto regular o réxime xurídico dos aeródromos que son competencia da Comunidade Autónoma de Galicia. A devandita competencia esténdese aos aeródromos, incluíndo aeroportos e heliportos, situados no seu ámbito territorial e non cualificados de interese xeral polo Estado.

Por medio da súa regulación perséguese os seguintes fins: promover a seguridade e calidade da actividade; fomentar a modernización, innovación tecnolóxica e mellora da competitividade; promover o desenvolvemento sostible das infraestruturas; e crear instrumentos de ordenación, planificación, fomento e coordinación no sector.

II

O marco legislativo actual está constituído pola lexislación en materia de aeródromos do Estado e da Unión Europea, e polos tratados internacionais en que España sexa parte.

En canto á lexislación do Estado, destacan: a Constitución Española, o artigo 149.1.20^a da cal atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de aeroportos de interese xeral; a Lei 48/1960, do 21 de xullo, sobre Navegación Aérea, que regula no capítulo VII os aeroportos e os aeródromos; a Lei 21/2003, do 7 de xullo, de Seguridade Aérea, que regula no artigo 9 a construción e planificación de sistemas aeroportuarios; o Decreto 584/1972, do 24 de febreiro, de servidumes aeronáuticas e o Decreto 1.844/1975, do 10 de xullo, polo que se definen as servidumes aeronáuticas correspondentes a heliportos, que regulan as servidumes mencionadas respectivamente.

En canto á lexislación da Unión Europea, destacan: a Directiva 96/67/CE do Consello do 15 de outubro de 1996 relativa ao mercado de asistencia en terra nos aeroportos da Comunidade; o Regulamento (CEE) n°95/93 do Consello, do 18 de xaneiro de 1993, relativo a normas comúns para a asignación de franxas horarias nos aeroportos comunitarios, modificado por Regulamento CEE 1.554/2003 e Regulamento CE 793/2004; e a Directiva 2002/30/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 26 de marzo de 2002, sobre o establecemento de normas e procedementos para a introdución de restricións operativas relacionadas co ruído nos aeroportos comunitarios.

En relación aos tratados internacionais, destaca o Convenio de Aviación Civil Internacional asinado en Chicago o 7 de decembro de 1944, polo que se constitúe a Organización de Aviación Civil Internacional. En particular, o anexo 14, que inclúe o volume I, Deseño e operación de aeródromos, e o volume II, Heliportos, así como a normativa técnica aprobada pola Organización de Aviación Civil Internacional e outras organizacións de carácter internacional.

III

A competencia da Comunidade Autónoma de Galicia resulta da Lei Orgánica 1/1981, do 6 de abril, Estatuto de Autonomía de Galicia. En particular, o artigo 27.9 deste atribúe á Comunidade Autónoma de Galicia a competencia exclusiva en materia de aeroportos e heliportos non cualificados de interese xeral polo Estado. Na devandita redacción deben entenderse comprendidos todos os aeródromos, incluídos aeroportos e heliportos, agás os que foran declarados de interese xeral polo Estado. Así resulta da interpretación sistemática da distribución de competencias entre o Estado e a Comunidade Autónoma.

IV

A presente lei divídese en cinco títulos, unha disposición adicional, unha disposición transitoria, unha disposición derogatoria e unha disposición final.

O Título Preliminar regula o obxecto, definicións e ámbito de aplicación da lei. Recóllese a clasificación dos aeródromos en aeródromos (en sentido restrinxido), aeroportos e heliportos. Os aeródromos (en sentido restrinxido) e os heliportos clasifícanse á súa vez en permanentes e eventuais, co obxecto de manter a consistencia co artigo 39 da Lei 48/1960, do 21 de xullo, sobre Navegación Aérea. As definicións tomáronse do Anexo 14 do convenio de Chicago co obxecto de que sexan conformes coa normativa técnica internacional. Así mesmo, a clasificación dos heliportos en permanente e eventuais deberá poñerse en relación coa mesma clasificación contida no Regulamento de Circulación Aérea do Estado por razóns de sistemática normativa.

O Título I regula o réxime de establecemento e apertura ao tráfico dos aeródromos e consta de seis capítulos.

a) O Capítulo I prevé que os aeródromos poderán ser de titularidade privada ou pública. Prevese que a Administración poderá ter a titularidade de aeródromos por calquera dos medios previstos na súa lexislación propia (de patrimonio e de contratos das Administracións Públicas). O réxime previsto pola lei aplicárase por igual (salvo as excepcións previstas na mesma lei) aos aeródromos de titularidade privada ou pública.

b) Nos Capítulos II, III e IV establécese un réxime de autorización previa que se xustifica na finalidade de garantir a seguridade das instalacións, xa que se trata dunha actividade de risco, e na conveniencia de ordenación do sector, xa que se trata de instalacións que exclúen outras concorrentes na súa área xeográfica. O procedemento de autorización consta de tres fases que son a autorización do establecemento (Capítulo II), a aprobación do proxecto técnico (Capítulo III) e a autorización da apertura ao tráfico (Capítulo IV). A autorización de establecemento realízase por medio de concurso cando se presenten dúas ou máis solicitudes na mesma área xeográfica e concorran causas de ordenación de espazo aéreo ou outras que aconsellen autorizar unha soa instalación; e cando concorran varias persoas interesadas no establecemento e xestión dunha mesma instalación prevista nun plan ou proxecto sectorial. Nos casos de solicitude de autorización de establecemento e de aprobación do proxecto técnico o silencio administrativo será negativo, para evitar que se establezan instalacións que non cumpran os requisitos legais e técnicos. No caso da apertura ao tráfico o silencio administrativo ten efectos positivos.

c) No Capítulo V regúlase o réxime de autorización de aeródromos e heliportos eventuais. Trátase de aeródromos e heliportos cuxo establecemento obedeza a necesidades transitorias ou a un uso en circunstancias especiais. Por iso, prevese un réxime simplificado, con prazos máis reducidos para a súa autorización e o silencio administrativo é positivo.

d) Por fin, no Capítulo VI considérase a posibilidade de que as instalacións se declaren de utilidade pública de forma singular ou mediante a aprobación de plans ou proxectos sectoriais, para os efectos de adquisición dos terreos e constitución de servidumes.

O Título II regula a xestión dos aeródromos e divídese en tres Capítulos.

a) O Capítulo I regula os dereitos e obrigas da persoa titular da instalación. Establécese a obriga de permitir o uso das instalacións por terceiros, en casos de emerxencia, mediante a correspondente indemnización, e de forma ordinaria, mediante a retribución a tarifa, para evitar a duplicidade de instalacións.

b) O Capítulo II, en relación cos aeroportos, regula as actividades de asistencia en terra. A regulación ten como obxectivo facer compatibles a operatividade da xestión da asistencia en terra e a competencia na prestación dos devanditos servizos. A devandita regulación rea-

lizouse de conformidade coa Directiva 96/67/CE do Consello do 16 de outubro de 1996 relativa ao mercado de asistencia en terra nos aeroportos da Comunidade. Considerouse conveniente seguir modelo como estandar a pesar de que a Directiva non é aplicable aos aeroportos obxecto da presente lei (a Directiva é aplicable aos aeroportos incluídos na Decisión 1.692/96/CE do Parlamento Europeo e do Consello do 23 de xullo de 1996 sobre as orientacións comunitarias para o desenvolvemento da rede transeuropea de transporte).

Non se incluíu unha regulación expresa da asignación de franxas horarias xa que o Regulamento (CEE) nº95/93 do Consello, do 18 de xaneiro de 1993, relativo a normas comúns para a asignación de franxas horarias nos aeroportos comunitarios, modificado por Regulamento CEE 1.554/2003, que contén a normativa de referencia na materia, é de aplicación directa na Comunidade Autónoma de Galicia.

c) O Capítulo III regula a modificación, transmisión e o peche das instalacións.

O Título III regula a intervención da Administración no sector. A Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes asumirá as competencias na materia, e dentro desta, a Dirección Xeral de Transportes. En particular, regúlase expresamente a competencia da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes para aprobar regulamentos e a competencia da Dirección Xeral de Transportes para aprobar circulares e instrucións. Trátase de establecer os instrumentos para que se poida desenvolver con rapidez e axilidade a normativa do sector. Créase, como instrumento de control e publicidade, o rexistro Administrativo de Aeródromos, Aeroportos e Heliportos de Galicia.

Os Títulos IV e V regulan o réxime sancionador. Prevese como sanción última para as infraccións graves, a posibilidade de acordar o peche temporal ou a revogación da autorización do aeródromo.

A lei conclúe cunha disposición transitoria que regula un réxime transitorio para as instalacións de utilidade pública ou destinadas a traballos aéreos, técnicos ou científicos que carezan de autorización, que poderán seguir funcionando durante un prazo de tres anos en que deberán obter a súa autorización conforme á nova lei; unha disposición derogatoria e unha disposición final.

A lei complétase cun Anexo que recolle a lista de servizos de asistencia en terra.

TÍTULO PRELIMINAR

DISPOSICIÓN XERAIS

Artigo 1. Obxecto.

A presente lei ten por obxecto regular o réxime de establecemento e explotación de aeródromos, as competencias da Administración da Comunidade Autónoma en relación cos aeródromos, e o réxime de infraccións e sancións aplicables na materia.

Artigo 2. Definicións.

1. Para os efectos da presente lei, os seguintes termos e expresións terán o significado que se indica a continuación:

a) Aeródromo: enténdese por aeródromo a área definida de terra ou de auga (que inclúe

todas as súas edificacións, instalacións e equipos) destinada total ou parcialmente á chegada, saída e movemento en superficie de aeronaves.

O termo aeródromo, cando se utilice en sentido restrinxido, refírese a aqueles aeródromos que non reúnen os requisitos para ser cualificados de heliportos ou aeroportos.

b) Aeródromo eventual: aquel aeródromo (en sentido restrinxido) cuxo establecemento obedeza a necesidades transitorias ou sexa designado para unha utilización particular en circunstancias especiais.

c) Aeroporto: aeródromo no que existan, de modo permanente, instalacións e servizos de acceso xeral, para asistir de modo regular ao tráfico aéreo, permitir o aparcamento e reparacións do material aéreo e recibir ou despachar pasaxeiros ou carga.

d) Consellería: departamento da Xunta de Galicia que teña atribuídas as competencias en materia de transportes.

e) Heliporto: un aeródromo ou unha superficie definida nunha estrutura co propósito de servir totalmente ou en parte para a chegada, saída e movementos en superficie de helicópteros.

f) Heliporto eventual: heliporto o establecemento do cal obedeza a necesidades transitorias ou sexa designado para unha utilización particular en circunstancias especiais.

g) Servidume de aeródromos: a limitación de uso e as servidumes que se impoñen no entorno próximo aos aeródromos, en beneficio do uso e da seguridade do aeródromo. Poden incluír limitacións ao desenvolvemento de determinadas actividades, superficies libres de obstáculos, servidumes de paso, servidume de ruídos e outras.

2. As definicións deberán interpretarse no sentido que resulte conforme coa normativa vixente en materia de navegación aérea e coa normativa técnica internacional, da Organización de Aviación Civil Internacional e outras organizacións internacionais, que resulte aplicable.

Artigo 3. Ámbito de aplicación.

1. A presente lei aplicarase aos aeródromos localizados na Comunidade Autónoma de Galicia. As súas disposicións serán aplicables tanto aos aeródromos que sexan de titularidade pública, coma aos que sexan de titularidade privada.

2. Entenderanse exceptuados do ámbito de aplicación desta lei:

a) Os aeródromos, aeroportos e heliportos que sexan cualificados de interese xeral polo Estado.

b) Os aeródromos militares e bases aéreas.

c) Os heliportos en buques de pesca marítima e en buques mercantes.

d) As superficies que sen estar destinadas a iso, sirvan excepcionalmente para a saída, chegada e movemento en superficie de helicópteros en relación coas operacións especiais segundo a normativa sobre circulación aérea. De acordo coa mesma son operacións especiais as misións militares, misións de policía dos Corpos e Forzas de Seguridade, misións de vixilancia e persecución do tráfico en estradas, misións de vixilancia e persecución aduaneira sobre terra ou mar, busca e salvamento marítimo ou terrestre, transporte sanitario de urxencia, evacuacións, servizos de extinción de incendios.

TÍTULO I

RÉXIME DE ESTABLECEMENTO DE AERÓDROMOS

CAPÍTULO I **Disposicións xerais**

Artigo 4. Titular do aeródromo.

As persoas físicas e as persoas xurídicas, públicas ou privadas, poderán ser titulares dos aeródromos nos termos previstos na presente lei. No caso en que as persoas titulares sexan varias a súa responsabilidade será solidaria. En particular, a Administración poderá adquirir a titularidade e promover o establecemento dos aeródromos por calquera dos medios establecidos pola súa propia normativa sobre patrimonio e sobre contratos.

Artigo 5. Consulta previa.

1. As persoas interesadas no establecemento dun aeródromo deberán realizar con anterioridade á presentación da solicitude de autorización administrativa, unha consulta previa en relación coa compatibilidade da instalación coa ordenación sobre o espazo aéreo.

2. A consulta deberá presentarse ante a Dirección Xeral de Transportes que, previo o exame da documentación presentada, remitiraa ao departamento competente da Administración Xeral do Estado en materia de seguridade aérea para a súa tramitación.

3. Non será necesaria a consulta previa no caso en que a instalación se atope xa prevista nun proxecto ou plan sectorial de conformidade co disposto no artigo 23 subseguinte.

CAPÍTULO II **Autorización do establecemento**

Artigo 6. Autorización.

O establecemento dun aeródromo, heliporto ou aeroporto está suxeito a autorización administrativa previa.

Artigo 7. Solicitude.

1. A persoa interesada no establecemento dun aeródromo, heliporto ou aeroporto deberá presentar unha solicitude ante a Dirección Xeral de Transportes xunto cos seguintes documentos:

- a) Documentación que acredite a súa capacidade legal, e a solvencia técnica e económica.
- b) Documentos que acrediten a dispoñibilidade dos terreos ou no seu caso, a declaración de utilidade pública da instalación de conformidade co artigo 23 subseguinte.
- c) Documentos que acrediten, segundo a lexislación vixente, a compatibilidade da insta-

lación co plan urbanístico, coa normativa ambiental, e coa ordenación do espazo aéreo (o informe conxunto ou certificado emitido como consecuencia da consulta previa prevista no artigo 5).

d) O proxecto técnico da instalación a nivel de proxecto básico, a delimitación da zona de servizo no caso de aeródromos permanentes e aeroportos, os requisitos técnicos da instalación, e as previsións sobre o desenvolvemento da instalación.

e) Proxecto de explotación, incluída a referencia á coordinación do tránsito aéreo.

f) Certificado do abono á Administración das taxas que resulten aplicables e do depósito do importe para o pagamento dos gastos de publicidade da solicitude.

g) Aqueles outros que se determinen regulamentariamente.

2. A persoa solicitante deberá presentar tantos exemplares como Administracións públicas, empresas que xestionen servizos públicos ou de interese xeral, ou empresas concesionarias de obras públicas, resulten afectadas polo establecemento do aeródromo, heliporto ou aeroporto.

Artigo 8. Trámite de información doutras Administracións.

1. A Dirección Xeral de Transportes solicitará á Administración Xeral do Estado o informe conxunto ou o certificado de compatibilidade (segundo o caso) a que se refire o artigo 9.2 da Lei 21/2003, do 7 de xullo, de Seguridade Aérea.

2. Así mesmo, a Administración solicitará a outros departamentos e Administracións Públicas os informes correspondentes cando a nova instalación afecte a materias propias da súa competencia.

Artigo 9. Trámite de información pública.

1. A Dirección Xeral de Transportes deberá someter a solicitude a información pública por prazo de quince días. Aos devanditos efectos, inserirase un anuncio no Diario Oficial da Comunidade Autónoma de Galicia. As persoas interesadas poderán formular alegacións durante o prazo de publicidade, das que se dará traslado á persoa solicitante, para a súa contestación. Os gastos de publicidade serán por conta da persoa solicitante.

2. O trámite de información pública non será necesario cando a instalación estea prevista nun plan ou proxecto sectorial conforme co artigo 23 subseguinte que se sometese a un trámite de información pública previo á súa aprobación de conformidade coa normativa aplicable.

Artigo 10. Resolución da autorización.

1. A Dirección Xeral de Transportes deberá resolver sobre a solicitude e notificar a resolución no prazo máximo de tres meses. O transcurso do devandito prazo entenderase suspendido durante o prazo necesario para obter os informes doutras Administracións Públicas ou departamentos que sexan preceptivos.

2. A resolución poderá outorgar a autorización, impoñer condicións ou desestimar a autorización. O vencemento do prazo máximo sen notificarse resolución expresa terá efectos desestimatorios.

3. A autorización fixará o seu prazo dentro do cal a persoa interesada deberá solicitar a

aprobación do proxecto técnico e a autorización da apertura ao tráfico do aeródromo, heliporto ou aeroporto, que será de caducidade. Non obstante, a persoa interesada poderá solicitar a prórroga do prazo da autorización por causas xustificadas.

4. A autorización entenderase sen prexuízo da obriga da persoa titular de obter outras autorizacións, permisos e licenzas que sexan esixidos polo resto da lexislación aplicable.

Artigo 11. Recurso contra a desestimación.

En caso de desestimación, a persoa solicitante poderá interpoñer contra a devandita desestimación os recursos que lle correspondan en vía administrativa e contencioso-administrativa.

Artigo 12. Autorización de aeródromos en réxime de concorrencia.

1. A Dirección Xeral de Transportes deberá convocar un concurso para conceder a autorización dun aeródromo, heliporto ou aeroporto nos casos seguintes:

a) A instancia de calquera persoa interesada, cando se trate de instalacións previstas nun plan ou proxecto sectorial, de conformidade co previsto no artigo 23 seguinte.

b) Cando varias persoas interesadas solicitasen unha autorización para o establecemento dun aeródromo na mesma área xeográfica, que estivesen pendentes de resolución, e existan consideracións de ordenación do espazo aéreo, planificación, coordinación e desenvolvemento sostible, de interese xeral, que aconsellen autorizar unha soa instalación.

Exceptúase o caso en que todas as posibles persoas interesadas cheguen a un acordo en relación coa persoa que haxa de ser titular da autorización. O devandito acordo deberá notificarse á Dirección Xeral de Transportes antes da resolución do concurso correspondente.

2. No caso do apartado 1.a), cando as instalacións previstas no plan ou proxecto sectorial estean destinadas a un servizo público ou uso de interese xeral, terán a condición de interesados os departamentos da Administración que sexan competentes para a prestación do servizo público ou o uso de interese xeral previstos no plan ou proxecto sectorial. No caso do apartado 1.b), terán a condición de persoas interesadas todas as que presentasen unha solicitude de autorización concorrente.

3. A autorización que se conceda deberá incluír a obriga da persoa titular da instalación de garantir o seu uso por todas as persoas interesadas, entendéndose por tales os descritos en cada caso no apartado 2 precedente.

4. En caso de concurso, serán de aplicación as previsións dos artigos 6 ao 11 sobre autorización de establecemento, coas debidas adaptacións ao procedemento de concurso. O adxudicatario deberá tramitar conforme aos artigos 13 a 21 a aprobación do proxecto e a autorización de apertura ao tráfico.

CAPÍTULO III **Aprobación do proxecto técnico**

Artigo 13. Aprobación.

A construción do aeródromo, heliporto ou aeroporto requirirá con carácter previo a aprobación pola Dirección Xeral de Transportes do proxecto técnico a nivel de construtivo.

Artigo 14. Solicitud.

1. A persoa interesada en obter a aprobación do proxecto técnico deberá presentar ante a Dirección Xeral de Transportes unha solicitude xunto cos seguintes documentos:

- a) Proxecto técnico a nivel de construtivo.
- b) As autorizacións permisos e licenzas que resulten aplicables segundo a lexislación vixente en materia de urbanismo, medioambiente e outras que veñan esixidas por outra lexislación sectorial.

Artigo 15. Resolución da aprobación.

1. A Dirección Xeral de Transportes deberá resolver sobre a solicitude e notificar a resolución no prazo máximo de tres meses.

2. A resolución poderá realizarse suxeita a condicións. En particular, na resolución pola que se conceda a aprobación, poderase incluír a exención do cumprimento de determinados requisitos técnicos de conformidade co previsto na normativa técnica internacional aplicable (da Organización de Aviación Civil Internacional e outras organizacións internacionais), sempre que se inclúa a adopción doutras medidas substitutivas, sen menoscabo da seguridade da instalación.

3. O vencemento do prazo máximo sen notificarse a resolución expresa terá efectos desestimatorios.

4. A aprobación regulada no presente artigo refírese unicamente aos aspectos técnicos da obra, sen prexuízo dos aspectos urbanísticos, ambientais ou outros, que deberán ser aprobados polo órgano da Administración Pública que teña a competencia sobre a materia

Artigo 16. Recurso contra a desestimación.

En tal caso, a persoa solicitante poderá interpoñer contra a desestimación os recursos que lle correspondan en vía administrativa e contencioso-administrativa.

CAPÍTULO IV **Autorización da apertura ao tráfico**

Artigo 17. Autorización.

A apertura ao tráfico do aeródromo, heliporto ou aeroporto requirirá a autorización administrativa previa por parte da Dirección Xeral de Transportes.

Artigo 18. Solicitud.

A persoa interesada, unha vez rematada a construción, deberá presentar ante a Dirección Xeral de Transportes a solicitude de autorización de apertura ao tráfico, xunto coa seguinte documentación:

- a) Certificado final de obra.
- b) Documentación de obra executada. No caso de heliportos que formen parte dunha edi-

ficación, presentárase no seu lugar unha separata limitada á instalación do heliporto, que inclúa os planos finais de obra, as instrucións de uso e mantemento das instalacións, outras autorizacións, permisos e licenzas que sexan esixidos pola lei, e os resultados das probas e ensaios que se realízaen.

- c) Plan de operación, incluíndo as previsións en relación coa ordenación do tránsito aéreo.
- d) Plan de seguridade.
- e) Aqueles outros que se determinen regulamentariamente.

Artigo 19. Trámite de información doutras Administracións.

1. A Dirección Xeral de Transportes solicitará á Administración Xeral do Estado o informe conxunto ou o certificado de compatibilidade (segundo o caso) a que se refire o artigo 9.2 da Lei 21/2003, do 7 de xullo, de Seguridade Aérea.

2. Así mesmo, a Dirección Xeral de Transportes solicitará a outros departamentos e Administracións Públicas os informes, licenzas ou autorizacións correspondentes cando a nova instalación afecte a materias propias da súa competencia.

Artigo 20. Resolución da autorización.

1. A Dirección Xeral de Transportes deberá resolver sobre a autorización e notificar a resolución no prazo máximo de tres meses. O transcurso do devandito prazo entenderase suspendido durante o prazo necesario para obter os informes doutras Administracións Públicas ou departamentos que sexan preceptivos.

2. A resolución poderá outorgar a autorización, impoñer condicións ou desestimar a autorización.

3. O vencemento do prazo máximo sen notificarse a resolución expresa lexítima á persoa solicitante para entender autorizada a apertura ao tráfico por silencio administrativo. Exceptúase o caso en que a instalación e as condicións de operación non se axusten ás incluídas na autorización do establecemento e no proxecto técnico aprobado.

Artigo 21. Recursos contra a desestimación.

En caso de desestimación, a persoa solicitante poderá interpoñer contra a devandita desestimación os recursos que lle correspondan en vía administrativa e contencioso-administrativa.

CAPÍTULO V

Autorización de aeródromos e heliportos eventuais

Artigo 22. Autorización de aeródromos e heliportos eventuais.

1. En relación cos aeródromos e heliportos eventuais (ver definicións no artigo 2.1), observáranse as previsións dos artigos 5 a 21 precedentes coas seguintes especialidades.

- 2. A persoa interesada poderá solicitar:
 - a) A autorización de establecemento.

b) A autorización de establecemento conxuntamente coa aprobación do proxecto técnico.

c) Unicamente a autorización de apertura ao tráfico, cando a instalación obtivese xa unha autorización de apertura ao tráfico dentro dos últimos dous anos.

3. A Dirección Xeral de Transportes deberá realizar as actuacións de coordinación necesarias coa Administración Xeral do Estado con competencias en materia de ordenación do espazo aéreo, que substituirán á fase de consulta previa do artigo 5. Así mesmo, solicitará a outros departamentos e Administracións Públicas os informes, licenzas e autorizacións correspondentes cando resulte conveniente en función dos efectos da nova instalación sobre materias propias da súa competencia.

4. As resolucións correspondentes deberán ditarse e notificarse no prazo de quince días dende a solicitude respectiva. O transcurso do devandito prazo entenderase suspendido durante o prazo necesario para realizar as actuacións de coordinación e obter os informes preceptivos a que se refire o apartado 3, precedente.

Na autorización deberán fixarse as operacións autorizadas na instalación, a frecuencia das devanditas operacións autorizadas e o prazo de vixencia da autorización.

A resolución poderá outorgar a autorización, impoñer condicións ou desestimar a autorización. O vencemento do prazo máximo sen notificarse a resolución expresa lexitima á persoa solicitante para entender outorgada a autorización por silencio administrativo.

5. En caso de desestimación, a persoa solicitante poderá interpoñer contra a devandita desestimación os recursos que lle correspondan en vía administrativa e contencioso-administrativa.

CAPÍTULO VI

Declaración de utilidade pública

Artigo 23. Declaración de utilidade pública.

1. A Xunta de Galicia poderá declarar de utilidade pública o establecemento ou modificación de determinado ou determinados aeródromos cando:

a) A súa titularidade corresponda a unha Administración Pública no exercicio das súas funcións.

b) Estea destinado a un servizo público ou uso de interese xeral.

c) Sexan necesarios para a ordenación do transporte ou do espazo aéreo da Comunidade Autónoma de Galicia.

2. A devandita declaración poderá realizarse de forma especial ou mediante a aprobación dun plan ou proxecto sectorial de conformidade co previsto na Lei do Parlamento de Galicia 10/1995, do 23 de novembro, de ordenación do territorio de Galicia. En tal caso, a tramitación do plan ou proxecto sectorial deberá incluír a coordinación coa Administración Xeral do Estado nos termos do artigo 9.2 da Lei 21/2003, do 7 de xullo, de Seguridade Aérea cando se trate de aeródromos permanentes, ou nos que resulten convenientes segundo as circunstancias do caso, cando se trate de aeródromos eventuais.

3. En caso de declaración de utilidade pública, a autorización do establecemento da instalación levará implícita a necesidade concreta de ocupación dos bens, constitución de servidumes de aeródromos, e adquisición doutros dereitos afectados, tendo a persoa titular da autorización a condición de beneficiario no expediente de expropiación.

TÍTULO II

RÉXIME DE EXPLOTACIÓN DE AERÓDROMOS

CAPÍTULO I

Dereitos e obrigas da persoa titular

Artigo 24. Dereitos da persoa titular.

A persoa titular do aeródromo, heliporto ou aeroporto, terá os seguintes dereitos:

- a) Explotar as instalacións, directa ou indirectamente, nos termos permitidos pola autorización de establecemento correspondente.
- b) Realizar na instalación as melloras e ampliacións que considere convenientes, sen prexuízo da necesidade de obter a autorización de establecemento, aprobación do proxecto técnico e autorización de apertura da modificación.
- c) Conservar o seu dereito de explotación en toda a súa extensión, sen que a súa actividade se vexa limitada polo outorgamento dunha autorización de establecemento posterior a favor doutra instalación na mesma área xeográfica. Exceptúase o caso en que a Administración Pública competente considere que concorren causas de utilidade pública ou interese xeral.

Artigo 25. Obrigas da persoa titular.

A persoa titular do aeródromo, heliporto ou aeroporto terá as seguintes obrigas:

- a) Realizar na instalación as reparacións ordinarias e extraordinarias que fosen necesarias para o seu mantemento en bo estado de uso e conservación.
- b) En materia de seguridade aérea:
 - i) Asegurar a continuidade do uso en axeitadas condicións de seguridade do aeródromo, heliporto ou aeroporto.
 - ii) Cumprir as condicións de seguridade esixidas en relación co deseño, construción, uso e funcionamento do aeródromo, heliporto ou aeroporto.
 - iii) Dispoñer dun plan de emerxencia de protección civil en coordinación cos plans aprobados polos órganos competentes na devandita materia.
 - iv) Cumprir os deberes legalmente establecidos de formación do seu persoal en materia de seguridade operacional e da aviación civil.
- c) Contratar e manter vixentes seguros de responsabilidade civil patronal, responsabilidade por danos a terceiros ou responsabilidade patrimonial, para responder dos danos persoais e materiais que se poidan derivar da súa actividade.
- d) Conservar a disposición da Dirección Xeral de Transportes a documentación administrativa e técnica relativa á instalación durante o seu prazo de explotación e os cinco anos posteriores ao seu peche.

e) Permitir o uso da instalación por aeronaves, incluídos helicópteros, en funcións de policía, salvamento, asistencia médica, loita contra incendios, emerxencias e outras de utilidade pública ou interese xeral, tendo dereito a percibir a indemnización dos gastos, danos e perdas que se lle ocasionen.

f) Permitir o uso da instalación por terceiros nos termos permitidos pola autorización de establecemento, cando a Dirección Xeral de Transportes así o acorde atendendo a consideracións de ordenación do espazo aéreo, competencia, ou desenvolvemento sostible, tendo dereito ao pagamento da retribución correspondente segundo as taxas ou tarifas que aprobe a Administración.

g) Prover os servizos de asistencia en terra nos termos previstos nos artigos 26 a 31 seguintes.

h) Cumprir as obrigas que lle correspondan de conformidade coa lexislación sobre control do espazo aéreo, tránsito e transporte aéreo e o resto da lexislación aplicable.

i) Cumprir as obrigas establecidas na lexislación industrial e de seguridade industrial.

CAPÍTULO II

Asistencia en terra

Artigo 26. Definicións.

Para os efectos do presente Capítulo II, os seguintes termos e expresións terán o significado que se indica a continuación:

a) Axente de asistencia en terra: toda persoa física ou xurídica que preste a terceiros unha ou varias categorías de servizos de asistencia en terra.

b) Asistencia en terra: os servizos prestados a unha persoa usuaria nun aeroporto que se enumeran no anexo da presente lei. O devandito anexo será actualizado pola Administración por vía regulamentaria.

c) Xestor do aeroporto: a entidade que (como titular da autorización administrativa de establecemento do aeroporto ou por contrato con este) teña a administración e a xestión das infraestruturas aeroportuarias e a coordinación e control das actividades dos distintos operadores presentes no aeroporto.

d) Servizos de rampla: son os servizos que se prestan esencialmente na rampla do aeroporto e inclúen a asistencia de equipaxes, a asistencia ás operacións en pista, a asistencia de combustible e lubricante, e a asistencia de carga e correo no que respecta á manipulación física da carga e do correo entre a terminal do aeroporto e o avión, tanto á chegada coma á saída ou en tránsito.

e) Persoa usuaria: toda persoa física ou xurídica que transporte por vía aérea viaxeiros, correo ou carga, con orixe nese aeroporto ou con destino a este.

Artigo 27. Comité de persoas usuarias.

Constituirase un comité de persoas usuarias nos aeroportos cuxo tráfico anual sexa igual ou superior a un millón de movementos de pasaxeiros ou a 25.000 toneladas de carga transportada por avión. Formarán parte deste as persoas usuarias do aeroporto ou as organizacións en que deleguen a súa representación. A Dirección Xeral de Transportes deberá consul-

tar co comité de persoas usuarias as resolucións en relación coa organización dos servizos de asistencia en terra e a proposta de taxas ou tarifas polo uso das instalacións.

Artigo 28. Asistencia a terceiros.

1. Os axentes de asistencia en terra establecidos nun Estado membro da Unión Europea ou nun Estado parte do Acordo sobre o espazo económico europeo, poderán prestar servizos de asistencia en terra a terceiros.

2. Nos aeroportos o tráfico anual dos cales sexa superior a un millón de pasaxeiros ou a 25.000 toneladas de carga transportada por avión, o número de axentes de asistencia en terra que poderán prestar as categorías de servizos de rampla poderase limitar a un mínimo de dous por categoría de servizo.

Polo menos un dos axentes autorizados non poderá ser controlado, nin directa nin indirectamente, pola entidade xestora do aeroporto, por unha persoa usuaria que durante o ano precedente (a aquel en que se realice a selección do axente de asistencia en terra) transportase máis do 25% dos viaxeiros ou da carga rexistrados no aeroporto, ou por unha entidade que controle ou estea controlada directa ou indirectamente pola devandita entidade xestora ou persoa usuaria.

3. Nos aeroportos cuxo tráfico anual sexa inferior ao indicado no apartado anterior o número de axentes de asistencia en terra que poderá prestar as categorías de servizos de rampla poderase limitar a un por categoría.

4. As anteriores limitacións deberán estar xustificadas por motivos de tráfico anual de pasaxeiros ou carga, capacidade do aeroporto, razóns operativas ou de seguridade dos recintos aeroportuarios, protección social dos empregados e empregadas, ou autofinanciamento das entidades xestoras dos aeroportos.

5. En caso de limitación do número de axentes de asistencia autorizados a prestar servizos de asistencia en terra, a determinación dos axentes concretos autorizados deberá realizarse en función de criterios pertinentes, obxectivos, transparentes e non discriminatorios, mediante concurso.

6. Nos casos en que se limite a asistencia en terra a terceiros, os servizos suxeitos a limitacións deberán prestarse de conformidade con condicións, taxas, prezos ou tarifas, aprobadas pola Administración.

Artigo 29. Autoasistencia.

1. As persoas usuarias dun aeroporto poderán practicar a autoasistencia en terra.

2. No caso dos aeroportos o tráfico anual dos cales sexa igual ou superior a un millón de movementos de pasaxeiros ou a 25.000 toneladas de carga transportada por avión, poderase limitar ata un mínimo de dous, o número de persoas usuarias autorizadas a practicar a autoasistencia para unha ou varias das categorías de servizos de rampla.

3. Nos restantes aeroportos, poderase limitar o número de persoas usuarias, ou mesmo excluílo, autorizados a practicar a autoasistencia.

4. As anteriores limitacións deberán estar xustificadas por motivos de tráfico anual de pasaxeiros ou carga, capacidade do aeroporto, razóns operativas ou de seguridade dos recintos aeroportuarios, protección social dos empregados e empregadas, ou autofinanciamento das entidades xestoras dos aeroportos.

5. En caso de limitación do número de persoas usuarias autorizadas a practicar a autoasistencia, a determinación das persoas concretas autorizadas deberá realizarse en función de criterios pertinentes, obxectivos, transparentes e non discriminatorios, mediante concurso.

Artigo 30. Infraestruturas de xestión centralizada.

1. O xestor do aeroporto asumirá a xestión das infraestruturas tales como a clasificación da equipaxe, limpeza de xeadas, depuración de augas ou distribución de combustible, que sirvan para proporcionar servizo de asistencia en terra e cuxa complexidade, custo ou impacto no medio non permitan a súa división ou a súa duplicación.

2. A xestión das devanditas infraestruturas deberá realizarse de forma transparente, obxectiva e non discriminatoria, de forma que non se obstaculice o acceso a estas dos axentes de asistencia en terra nin das persoas usuarias que practiquen a autoasistencia, de conformidade coa presente lei.

Artigo 31. Autorizacións.

1. As persoas usuarias e axentes de asistencia en terra deberán obter unha autorización administrativa previa para desenvolver as actividades de autoasistencia e asistencia en terra respectivamente.

2. A autorización quedará suxeita a que se acrediten a capacidade legal, e solvencia técnica e económica de conformidade cos termos que se determinen pola Administración e que deberán ser pertinentes, obxectivos, transparentes e non discriminatorios.

A Administración recoñecerá directamente a devandita autorización aos axentes de asistencia en terra establecidos nun Estado Membro da Unión Europea ou nun Estado parte do Acordo sobre o Espazo Económico Europeo.

3. A perda dos requisitos previstos no apartado 2 precedente será causa de perda da autorización para realizar actividades de autoasistencia ou asistencia en terra.

CAPÍTULO III

Modificación, transmisión e peche da instalación

Artigo 32. Modificación da instalación.

1. A modificación relevante da instalación do aeródromo, heliporto ou aeroporto requirirá de autorización administrativa previa da Dirección Xeral de Transportes.

2. Entenderase que existe unha modificación relevante cando a mesma afecte de forma significativa ao seu réxime de uso, ou aos elementos que definen a estrutura física da instalación, ou aos sistemas técnicos utilizados para a operación da instalación.

3. A autorización tramitarase nos termos previstos para a autorización de establecemento, e requirirá igualmente a aprobación do correspondente proxecto técnico e a autorización de apertura ao tráfico, coas debidas adaptacións.

Artigo 33. Transmisión da instalación.

1. A transmisión da titularidade do aeródromo, heliporto ou aeroporto requirirá a autorización administrativa previa da Dirección Xeral de Transportes.

2. A persoa titular da instalación deberá presentar a solicitude xunto coa documentación que permita acreditar a capacidade legal, técnica e económica daquel a quen pretende transmitir a mesma.

A Dirección Xeral de Transportes solicitará informe sobre a solicitude a outros departamentos e outras Administracións Públicas cando a nova instalación afecte a materias propias da súa competencia, en particular á Dirección Xeral de Aviación Civil, do Ministerio de Fomento.

A Dirección Xeral de Transportes deberá resolver sobre a solicitude e notificar a resolución no prazo máximo de tres meses. A resolución poderá outorgar a autorización, impoñer condicións ou desestimar a autorización. O vencemento do prazo máximo sen notificarse a resolución expresa lexítima á persoa solicitante para entender autorizada a transmisión.

A autorización terá un prazo de vixencia de seis meses, que será de caducidade.

3. A persoa transmitinte e a adquirente deberán realizar a transmisión dentro do prazo de vixencia da autorización. Unha vez realizada a transmisión, deberán comunicala á Dirección Xeral de Transportes no prazo dun mes dende a súa realización. A Dirección Xeral de Transportes comunicará á súa vez a devandita transmisión á Dirección Xeral de Aviación Civil do ministerio de Fomento e ao ente público Aeropuertos Españoles y Navegación Aérea (Servicio de Información Aeronáutica y Publicación de Información Aeronáutica).

4. A persoa transmitinte continuará sendo responsable fronte á Administración competente polos feitos acontecidos con anterioridade á formalización da transmisión.

Artigo 34. Peche da instalación.

1. O peche da instalación terá lugar pola extinción do uso autorizado no caso dos aeródromos e heliportos eventuais, ou por resolución da Dirección Xeral de Transportes ditada por solicitude da persoa titular, nun procedemento sancionador con carácter provisional ou definitivo, ou a instancia doutra Administración Pública que estea a tramitar un procedemento sancionador con base nas súas propias competencias.

2. En caso de peche a instancia da persoa titular, esta deberá presentar a solicitude xunto cun proxecto de peche, que deberá incluír unha memoria na que se detallen as circunstancias económicas, técnicas ou doutra orde polas que se pretende o peche, a documentación técnica actualizada da instalación, e o plan de desmantelamento.

3. No caso de peche por resolución administrativa, a instancia de parte ou de oficio, levantarase unha acta de peche con intervención da Dirección Xeral de Transportes, de quen teña a titularidade da instalación e en caso de ser distinto, da entidade xestora do aeródromo, heliporto ou aeroporto.

4. A Dirección Xeral de Transportes comunicará o devandito peche á Dirección Xeral de Aviación Civil do Ministerio de Fomento e ao ente público Aeropuertos Españoles y Navegación Aérea (Servicio de Información Aeronáutica y Publicación de Información Aeronáutica).

TÍTULO III
A ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

Artigo 35. Competencia.

A competencia en materia de aeródromos, heliportos e aeroportos corresponderá ao departamento da Xunta de Galicia que teña atribuídas as funcións en materia de transportes, nos termos previstos na presente lei.

Artigo 36. Competencias do titular da consellería

Corresponderalle ao titular departamento da Xunta de Galicia que teña atribuídas as competencias en materia de transportes o exercicio das seguintes funcións:

- a) Propoñer á Xunta de Galicia os acordos que deban adoptarse por esta.
- b) Aprobar, por proposta da Dirección Xeral de Transportes, os regulamentos de desenvolvemento da presente lei.
- c) Aprobar, a proposta da Dirección Xeral de Transportes, as taxas ou tarifas que se apliquen polas persoas titulares ou xestoras dos aeródromos, heliportos e aeroportos pola cesión obrigatoria do acceso a terceiros ao uso das instalacións.

Artigo 37. Competencias do titular da Dirección Xeral de Transportes.

Corresponderalle ao titular do centro directivo competente en materia de transportes o exercicio das seguintes funcións:

- a) Autorizar o establecemento, apertura ao tráfico, transmisión, modificación e peche de aeródromos, heliportos e aeroportos.
- b) As funcións que en relación coa actividade de asistencia en terra, en particular:
 - i) Conceder ás persoas usuarias e axentes de asistencia en terra a autorización para desenvolver as devanditas actividades.
 - ii) Aprobar as limitacións á autoasistencia e en tal caso, supervisar os concursos para seleccionar as persoas usuarias que poidan realizar autoasistencia.
 - iii) Aprobar as limitacións á asistencia a terceiros e en tal caso, supervisar os concursos para seleccionar os axentes de asistencia en terra que poidan prestar servizos de asistencia a terceiros.
 - iv) Aprobar os modelos de contratos pola prestación de servizos de asistencia en terra, as taxas ou tarifas pola súa prestación e resolver a instancia das persoas interesadas, os conflitos que se produzan entre o xestor do aeroporto, os axentes de asistencia en terra e as persoas usuarias, en relación co desenvolvemento da actividade regulada.
- c) Exercer as facultades que se atribúen á administración competente do Estado Membro polo Regulamento (CEE) nº 95/93 do Consello, do 18 de xaneiro de 1993, relativo a normas

comúns para a asignación de franxas horarias nos aeroportos comunitarios, en relación cos aeroportos regulados pola presente lei.

d) Resolver os conflitos que xurdan entre titulares, xestor, persoas usuarias, outros axentes que operen nos aeródromos, aeroportos e heliportos, sen prexuízo de reclamacións que poidan interpoñerse noutra vía administrativa ou xudicial, segundo a lexislación vixente.

e) A redacción de instrumentos de planificación das redes de aeródromos, aeroportos e heliportos da Comunidade Autónoma de Galicia.

f) A coordinación con outros departamentos da Xunta de Galicia, outras Administracións, organizacións internacionais, asociacións profesionais, axentes do sector, asociacións de consumidores, etc.

En particular, en relación coa Dirección xeral de Aviación Civil do Ministerio de Fomento, entre outras:

i) A asistencia na tramitación de expedientes en materia de aviación civil a resolución da cal corresponda á Administración Xeral do Estado.

ii) A información sobre as autorizacións de establecemento apertura ao tráfico modificación e peche das instalacións outorgados pola Comunidade Autónoma de Galicia.

iii) A información sobre as posibles infraccións en materia de seguridade aérea que coñeza como consecuencia do desenvolvemento da súa propia actividade de control e inspección.

iv) A adopción de medidas provisionais en relación coas instalacións a instancia da Administración Xeral do Estado en materias da súa competencia.

g) O desenvolvemento de actividades de fomento do establecemento de instalacións, modernización, desenvolvemento sostible e a colaboración empresarial, no ámbito das instalacións obxecto da presente lei.

h) Levar o rexistro administrativo de aeródromos, aeroportos e heliportos.

i) O control e inspección de aeródromos, aeroportos e heliportos (sen prexuízo das competencias exclusivas da Administración Xeral do Estado en relación coa seguridade e control do espazo aéreo).

j) A tramitación e resolución dos procedementos por infraccións administrativas en materia de aeródromos, aeroportos e heliportos (sen prexuízo das competencias exclusivas da Administración Xeral do Estado en relación coa seguridade e control do espazo aéreo).

k) Aprobar circulares e instrucións en desenvolvemento da presente lei e dos regulamentos polos que se desenvolva.

l) Aquelas outras que resulten da presente lei.

Artigo 38. O Rexistro de Aeródromos, Aeroportos e Heliportos.

1. Créase o Rexistro Administrativo de Aeródromos, Aeroportos e Heliportos da Comunidade Autónoma de Galicia.

2. No rexistro deberán inscribirse todas as instalacións de aeródromos, aeroportos e heliportos, permanentes e temporais, que estivesen autorizadas no ámbito de competencia da Comunidade Autónoma de Galicia. Así mesmo, farase constar, a persoa titular, entidade xes-

tora (se é distinta), características técnicas, así como as súas modificacións.

3. O rexistro terá carácter administrativo; a inscrición neste será obrigatoria e terá carácter público.

TÍTULO IV

INFRACCIÓNS E SANCIÓN

Artigo 39. Infraccións.

1. Constitúen infraccións administrativas as accións e omisións tipificadas nos apartados seguintes.

2. Son infraccións moi graves:

a) O establecemento, construción ou apertura ao tráfico de aeródromos, aeroportos ou heliportos, permanentes ou eventuais sen a preceptiva, autorización.

b) O incumprimento das condicións que se establezan na autorización, destinadas a garantir a seguridade da instalación.

c) O incumprimento das condicións que se establecen na autorización destinadas a garantir a preservación do medio, sempre que non estean xa tipificadas como infracción administrativa noutras normas.

d) Operar a instalación sen cumprir os requisitos aplicables á instalación en materia de seguridade aérea, ordenación do tránsito aéreo e outros.

e) O incumprimento da obriga de permitir o acceso a terceiros de conformidade co previsto no artigo 25, apartados e) e f), precedentes.

f) A negativa ou obstrución á actuación da inspección, que impida o exercicio das funcións que teña atribuídas por lei ou regulamento.

3. Son infraccións graves:

a) A obstaculización inxustificada da libre competencia en relación coa autoasistencia en terra e a prestación de servizos de asistencia en terra a terceiros.

b) A obstaculización á implantación de disposicións sobre asignación de franxas horarias ou o incumprimento das disposicións implantadas.

c) A realización de modificacións nas instalacións permanentes ou eventuais sen a preceptiva autorización.

d) O peche das instalacións permanentes sen previa autorización.

e) O incumprimento das condicións da autorización, cando non se considere infracción moi grave, conforme ao apartado 2 precedente.

f) O cambio de titularidade da instalación sen a preceptiva autorización.

g) O estado de conservación inadecuado das instalacións autorizadas se afecta ao seu correcto funcionamento.

h) A negativa ou obstrución á actuación da inspección cando non se considere infracción moi grave, conforme ao apartado 2 precedente.

i) O incumprimento da obriga de conservación da documentación administrativa e técnica

referente á instalación polos prazos legais.

4. Son infraccións leves:

a) A modificación do réxime de utilización dos aeródromos, heliportos ou aeroportos permanentes ou eventuais, sen previa comunicación, cando non constitúa infracción moi grave ou grave.

b) A falta de conservación das instalacións autorizadas, se non afecta ao seu correcto funcionamento.

c) Calquera outro incumprimento das previsións establecidas na presente lei e nas disposicións regulamentarias polas que se desenvolva.

5. As devanditas infraccións e as sancións que se impoñan, enténdense sen prexuízo das facultades sancionadoras que corresponden á Administración Xeral do Estado polas súas competencias en relación coa seguridade e control do espazo aéreo.

Artigo 40. Sancións.

1. As infraccións anteriormente mencionadas poderán ser sancionadas con:

a) Sanción pecuniaria de 10.001 euros ata 20.000 euros en caso de infraccións moi graves, de 5.001 euros ata 10.000 euros en caso de infraccións graves, e ata 5.000 euros en caso de infraccións leves.

b) No caso das infraccións graves ou moi graves, inhabilitación para participar no concurso para a adxudicación doutras instalacións.

c) No caso das infraccións moi graves, a clausura temporal da instalación mentres subsista a situación obxecto de sanción.

d) Incautación do beneficio ou do resultado económico obtido mediante a comisión da infracción.

As sancións graduaranse atendendo á incidencia na seguridade, o dano causado, a intencionalidade e a reincidencia.

2. As sancións que se impoñan aos distintos responsables da infracción terán carácter independente.

Artigo 41. Multas coercitivas.

En caso de que a persoa interesada non cese no feito constitutivo da infracción, incumpra as medidas provisionais que se acorden, ou incumpra a sanción, a Dirección Xeral de Transportes poderá proceder á imposición de multas coercitivas. As multas aplicaranse por períodos dunha semana e contía, en cada ocasión, de 100 euros ata 500 euros, ata un máximo do 50 por cento da sanción máxima prevista. As devanditas multas serán independentes das sancións que se impoñan pola infracción.

Artigo 42. Prescrición.

As infraccións moi graves prescribirán aos cinco anos, as graves aos tres anos, e as leves ao ano. As sancións impostas por faltas moi graves prescribirán aos tres anos, as impostas por faltas graves aos dous anos e as impostas por faltas leves ao ano.

Artigo 43. Actualización dos importes.

O departamento da Xunta de Galicia con competencias en materia de transportes poderá actualizar os importes das sancións pecuniarias e das multas coercitivas por vía regulamentaria.

Artigo 44. Responsabilidade de danos e prexuízos.

A aplicación das sancións previstas neste título entenderase con independencia da responsabilidade do infractor polos danos e prexuízos que ocasionase.

TÍTULO V

PROCEDIMENTO SANCIONADOR

Artigo 45. Tramitación do expediente sancionador.

1. A competencia para impoñer as sancións previstas nesta Lei corresponderá:

- a) Ao Consello da Xunta, no caso de infraccións moi graves.
- b) Á persoa titular da Dirección Xeral de Transportes, no caso de infraccións graves ou leves.

2. O procedemento para a imposición das sancións previstas nesta Lei, no que as fases de instrución e resolución estarán debidamente separadas encomendándose a órganos distintos, axustarase ao disposto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, coas particularidades que se establecen no presente artigo.

3. A Administración poderá proceder mediante acordo motivado á adopción de medidas de carácter provisional que aseguren a eficacia da resolución final que puidese recaer. Poderá adoptarse calquera medida provisional que resulte proporcional e axeitada para o fin perseguido, incluída a suspensión temporal da autorización de apertura ao tráfico do aeródromo, heliporto ou aeroporto.

4. Así mesmo, a Dirección Xeral de Transportes poderá acordar a adopción de medidas provisionais a instancia da Administración Xeral do Estado ou doutra Administración Pública que estea a instruír un procedemento sancionador como consecuencia das súas competencias que afecten á instalación ou á súa operación.

Disposición transitoria única.

Autorización de aeródromos, aeroportos e heliportos existentes.

1. Os aeródromos que poidan ser declarados de utilidade pública conforme ao artigo 23 e os utilizados exclusivamente por aeronaves de traballos aéreos, técnicos ou científicos, en funcionamento con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2007 que non dispoñan da autorización da Dirección Xeral de Aviación Civil terán un prazo de tres anos dende a entrada en vigor da presente lei para obter a súa autorización de conformidade coas previsións da presente lei.

Os devanditos aeródromos poderán seguir operando durante o período transitorio sempre que iso sexa compatible coa seguridade das operacións.

2. Aos devanditos efectos, de beneficiarse do prazo transitorio previsto no apartado precedente, as persoas titulares das instalacións deberán solicitar a súa inscrición no Rexistro de Aeródromos, Aeroportos e Heliportos previsto no artigo 38 no prazo de seis meses dende a entrada en vigor da presente lei.

3. A presente disposición transitoria enténdese sen prexuízo das disposicións aplicables de conformidade coa normativa urbanística, ambiental ou doutra natureza.

Disposición derogatoria única.

Derrogación normativa.

Quedan derogadas cantas disposicións se opoñan á regulación contida na presente lei.

Disposición derradeira primeira.

Habilitación para o desenvolvemento regulamentario.

Habilítase o Consello da Xunta para ditar cantas disposicións sexan necesarias para o desenvolvemento do disposto nesta lei.

Disposición derradeira segunda.

Entrada en vigor.

A presente lei entrará en vigor aos vinte días da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Santiago de Compostela, [] de 2008. -

O Presidente, Emilio Pérez Touriño.

ANEXO

LISTA DOS SERVIZOS DE ASISTENCIA EN TERRA

1. A asistencia administrativa en terra e a supervisión comprenden:

1.1. Os servizos de representación e enlace coas autoridades locais ou calquera outra persoa, os gastos efectuados por conta da persoa usuaria e a subministración de locais aos seus representantes;

1.2. O control das operacións de carga, as mensaxes e as telecomunicacións;

1.3. A manipulación, almacenamento, mantemento e administración das unidades de carga;

1.4. Calquera outro servizo de supervisión antes, durante ou despois do voo e calquera outro servizo administrativo solicitado pola persoa usuaria.

2. A asistencia a pasaxeiros comprende toda forma de asistencia aos pasaxeiros á saída, á chegada, en tránsito ou en correspondencia, en particular o control de billetes e documentos de viaxe, a facturación das equipaxes e o transporte de equipaxes ata as instalacións de clasificación.

3. A asistencia de equipaxes comprende a manipulación de equipaxes na sala de clasificación, a súa clasificación, a súa preparación para o embarque, e a súa carga e descarga dos sistemas destinados a levalos da aeronave á sala de clasificación e á inversa así como o transporte de equipaxes dende a sala de clasificación á sala de distribución.

4. A asistencia de carga e correo comprende:

4.1. En canto á carga, en exportación, importación ou tránsito, a manipulación física, o tratamento dos documentos correspondentes, as formalidades aduaneiras e toda medida preventiva acordada entre as partes ou esixida polas circunstancias;

4.2. En canto ao correo, tanto de chegada coma de saída, a manipulación física, o tratamento dos documentos correspondentes e toda medida preventiva acordada entre as partes ou esixida polas circunstancias.

5. A asistencia de operacións en pista comprende:

5.1. O guiado da aeronave á chegada e á saída (*);

5.2. A asistencia á aeronave para o seu estacionamento e a subministración dos medios axeitados (*);

5.3. As comunicacións entre a aeronave e o axente de asistencia en terra (*);

5.4. A carga e descarga da aeronave, incluída a subministración e utilización dos medios necesarios, así como o transporte da tripulación e os pasaxeiros entre a aeronave e a terminal, e o transporte das equipaxes entre a aeronave e a terminal;

5.5. A asistencia para o arranque da aeronave e a subministración dos medios axeitados;

5.6. O desprazamento da aeronave, tanto á saída coma á chegada, e a subministración e aplicación dos medios necesarios;

5.7. O transporte, a carga e descarga de alimentos e bebidas da aeronave.

6. A asistencia de limpeza e servizo da aeronave comprende:

6.1. A limpeza exterior e interior da aeronave, servizo de aseos e servizo de auga;

6.2. A climatización e calefacción da cabina, a limpeza da neve, o xeo e a xeadada da aeronave;

6.3. O acondicionamento da cabina cos equipos de cabina e o almacenamento dos devanditos equipos.

7. A asistencia de combustible e lubricante comprende:

7.1. A organización e execución da enchedura e baleirado do combustible, incluído o almacenamento e o control da calidade e cantidade das entregas;

7.2. A carga de lubricantes e outros ingredientes líquidos.

8. A asistencia de mantemento en liña comprende:

8.1. As operacións regulares efectuadas antes do voo;

8.2. As operacións particulares esixidas pola persoa usuaria;

8.3. A subministración e a xestión do material necesario para o mantemento e das pezas de recambio;

8.4. A solicitude ou reserva dun punto de estacionamento ou dun hangar para realizar as operacións de mantemento.

9. A asistencia de operacións de voo e administración da tripulación comprenden:

9.1. A preparación do voo no aeroporto de saída ou en calquera outro lugar;

9.2. A asistencia en voo, incluído, se procede, o cambio de itinerario en voo;

9.3. Os servizos posteriores ao voo;

9.4. A administración da tripulación.

10. A asistencia de transporte de superficie inclúe:

10.1. A organización e execución do transporte de pasaxeiros, tripulacións, equipaxes, carga e correo entre as distintas terminais do mesmo aeroporto, excluído todo transporte entre a aeronave e calquera outro lugar no recinto do mesmo aeroporto;

10.2. Calquera transporte especial solicitado pola persoa usuaria.

11. A asistencia de mordomía («catering») comprende:

11.1. As relacións cos provedores e a xestión administrativa;

11.2. O almacenamento de alimentos, bebidas e accesorios necesarios para a súa preparación;

11.3. A limpeza de accesorios;

11.4. A preparación e entrega do material e os produtos alimenticios.



Este documento está tamen dispoñible en
www.ces-galicia.org